

# PEQUEPEIXE

unidade didáctica

6-7 ANOS



CO PATROCINIO DE:



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA


# A PRAIA E O ACANTILADO

Non todos os seres vivos que viven na costa aparecen nos mesmos sitios.

Como é unha praia e quen vive alí?  
Completa o texto coas seguintes palabras.

MARISCOS, LEITUGA DE MAR, AREA, PEIXES


Nas praias o mar cobre os bancos de ,  
onde viven moitos  soterrados e  
algúns  planos sobre o fondo.  
As plantas que atopamos son algas como a .



Como é un acantilado e quen vive alí?  
Completa o texto coas seguintes palabras.

POLBOS, PERCEBES, ONDAS, PEIXES DE ROCHA, LAPAS


Nos acantilados as  golpean con moita forza  
e só encontramos mariscos apegados ás pedras como  
as  e os . Agochados entre  
as pedras tamén aparecen  e  
.




DIFERENCIACIÓN DE ESPECIES

# DIFERENCIAR MOLUSCOS DE CRUSTÁCEOS, E MAMÍFEROS MARIÑOS DE PEIXES

Os crustáceos teñen o corpo endurecido e levan unha especie de armadura que mudan de vez en cando para poder medrar. Poden nadar como os camaróns ou andar polo fondo como as nécoras.





Os moluscos teñen o corpo brando e sempre teñen que protexelo cunha cuncha, como é o caso das lapas ou dos bígaros, ou con dúas cunchas (ameixas e berberechos). Tamén poden ter restos dunha cuncha interna (choco ou a pluma das luras).



Os mamíferos mariños teñen poucas crías ao mesmo tempo as que alimentan co leite das nais. Respiran aire, polo que necesitan saír da auga para respirar (exemplos: focas, golfiños ou baleas). Teñen unha aleta na cola que se move de adiante para atrás.

Os peixes teñen moitas crías que nacen mediante ovos e toman oxíxeno da auga para respirar, polo que non poden saír dela (sardiña, bonito ou quenlla). Teñen unha aleta na cola que se move de dereita a esquerda.



PESCA E AGUICULTURA

UNHA MERGULLADORA,

UN NASEIRO

A PATROA MAIOR

E O BATEEIRO

OS OFICIOS DO MAR:

Existen outras profesións na pesca e no marisqueo á parte de pescar e mariscar. Une cunha liña estas profesións co que ti cres que fan.

Mergulladora

Bateeiro

Patroa maior

Naseiro

Coller polbo

Dirixir a confraría

Capturar navallas

Criar mexillóns



NUTRICIÓN E CONSERVACIÓN

# A COMER PEIXE ATA A ESPÍÑA

Peixe azul ou peixe branco.

Comer peixe é bo, achéganos proteínas, vitaminas e minerais. Incluso podemos comer a espiña dos peixes pequenos, que nos da tanto calcio coma o leite.


O peixe é bo para todos.

Se somos moi inquietos, non paramos en todo o día e facemos moito deporte, necesitamos a enerxía que nos dan os peixes azuis que son os grandes nadadores, como a xarda ou o atún.

**PEIXE AZUL**  
os corredores do mar



**PEIXE BRANCO**  
as graxas boas



Se somos tranquilos pero tamén facemos deporte e os nosos pasatempos son máis tranquilos, viranos ben comer peixe branco como a pescada ou o rapante.

## COLOREA

### PARA O MAR E PARA A TERRA

Rodea cun círculo azul as ferramentas que se usan no mar, cun círculo vermello as que se usan na terra e cun círculo verde as que pódense usar na terra ou no mar.



## CRUZADAS

### CRUCIGRAMAR

Completa o crucigrama.

**ESPIÑA:**  
Esqueleto dos peixes


**MOLUSCO:**  
Animais de corpo brando

**BATEA:**  
Criadeiro de mexillón

**CRUSTÁCEO:**  
Animais co  
corpo endurecido

**ALGA:**  
Plantas mariñas

**MARISCAR:**  
Apañar marisco



## GLOSARIO DE TERMOS

### MAR E PEIXE POR TODOS OS LADOS

Existen moitos animais do mar que, polo seu parecido con algunhas cousas da terra, herdán o nome e a continuación engadímoslle a palabra “mar”:

- Estrelamar
- Augamar
- Ourizo de mar
- Araña de mar

Ou tamén reciben o adxectivo “mariño”:

- Corvo mariño
- Lobo mariño
- Elefante mariño
- Crocodilo mariño

Outras veces engádese a palabra “peixe” a obxectos ou animais de terra para denominar algúns peixes:

- Peixe sapo
- Peixe gato
- Peixe martelo
- Peixe serra
- Peixe porco
- Peixe anxo
- Peixe espada
- Peixe sabre
- Peixe cebra
- Peixe bobo